

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE INMIGRANTES E RETORNADOS RIOPLATENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO DIRIXIDAS A PERSOAS EMIGRANTES RETORNADAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Asociación de Inmigrantes e Retornados Rioplatenses o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, polo que non é posible promover a concorrência pública, con base no disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de ofrecerlles ás persoas emigrantes retornadas á comunidade autónoma a maior cobertura posible no seu proceso de retorno e adaptación á sociedade galega.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Asociación de Inmigrantes e Retornados Rioplatenses, que ten a súa sede social en Lugo, fundouse no ano 2007 co obxecto de manter a vixencia multicultural e a historia que une desde sempre aos pobos de Arxentina e Uruguai co pobo galego. É unha asociación sen ánimo de lucro que desenvolve accións destinadas a promover a inclusión social das persoas emigrantes retornadas, procurar a súa formación profesional e traballar no asesoramento socio-laboral do colectivo retornado.

Esta asociación está comprometida co estudo e rescate das tradicións culturais existentes e traballa pola consecución dun ambiente de intercambio cultural enriquecedor para todos e todas co desenvolvemento de distintos programas e actividades de tipo cultural. Tamén é de salientar o seu labor na defensa dos dereitos e na consecución dunha efectiva integración de determinados colectivos na nosa comunidade, polo que presta un servizo de asistencia socio-laboral e xurídica dirixido tamén ás persoas emigrantes retornadas levado a cabo por un equipo multidisciplinar para dar cobertura ás súas necesidades e demandas no proceso de retorno.



Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para o desenvolvemento de accións de información e asesoramento dirixidas a persoas galegas retornadas á Comunidade autónoma galega.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes a prol da consecución do obxecto referido.

A estrutura administrativa e de xestión da asociación sen ánimo de lucro é limitada, razón pola que se estima necesario anticiparlle á entidade o 80% da contía da subvención prevista no convenio (10.000,00 €), co fin de que se poida garantir a continuidade no desenvolvemento das accións previstas e no seguimento individualizado que se lle está a prestar ás persoas destinatarias e evitar, desta maneira, un posible prexuízo para as persoas derivado dun eventual problema de liquidez. O importe restante librarase no momento no que se xustifiquen na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda, sen que en ningún caso, o importe pagado sexa superior ao importe xustificado, ata o límite do importe concedido.

As accións deste convenio van dirixidas ás persoas emigrantes retornadas, colectivo que presenta unha problemática específica e necesita dun especial acompañamento no momento do retorno para poder conseguir a súa plena integración. Cómpre garantir tanto que as actividades poidan programarse con anticipación como a súa continuidade no tempo para que non se produza unha creba no seu seguimento.

Por todo iso, e para garantir que non se produza ningunha interrupción no desenvolvemento das accións obxecto do convenio, considérase xustificada a necesidade do pagamento anticipado do 80% da contía total da subvención como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas cun marco de programación estable e continuada no tempo.

Para dar cumprimento ao obxectivo deste convenio a Secretaría Xeral de Emigración alcanzará a cantidade máxima de dez mil euros (10.000,00 €) con cargo a aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 (código de proxecto 2015 00038) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, na que existe crédito adecuado e suficiente.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, co fin de darlle cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Pola Secretaría Xeral da Emigración
P.S. (Decreto 108/2022, do 16 de xuño)
A subdirectora xeral de Coordinación Administrativa,
Económica e de Programas Sociais

M^a Lorena Antelo Romero

